CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

exp. 2017/G003/000298

# RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE OBRAS PARA A MELLORA DA ACCESIBILIDADE E SINALIZACIÓN DOS RECURSOS TURÍSTICOS DO CONCELLO DE PONTECESO: PRAIA DE BALARÉS, HERMIDA, OSMO E RUTA PRG-148.

**EXPEDIENTE:**2017/G003/000298

**ANTECEDENTES:**

Visto o expediente de contratación das obras de MELLORA DA ACCESIBILIDADE E SINALIZACIÓN DOS RECURSOS TURÍSTICOS DO CONCELLO DE PONTECESO: PRAIA DE BALARÉS, HERMIDA, OSMO E RUTA PRG-148, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014/2020, así como os informes de Intervención e de Secretaría que figuran no expediente, así coma as advertencias en materia de fraccionamento de contratos que a secretaria ven realizando.

Considerando que a oferta máis ventaxosa segundo a proposta da Mesa de Contratación do 02.10.2017 é a de SYR-AMG, SLU, por un importe de 53.988,95 € (IVE engadido), tras considerar a OBRAS Y VIALES CERNE, SL en baixa temeraria, non xustificada suficientemente a criterio da Mesa.

Vista a documentación presentada pola empresa e o informe de fiscalización do interventor en acumulación do 30.08.2017.

Tendo en conta que o procedemento está declarado de urxencia e que o alcalde avocou a competencia da Xunta de Goberno Local por Resolución de Alcaldía número 427/2017, do 6 de outubro.

En función do establecido no artigo 21.1.q) da Lei 7/85, do 2 de abril, pola que se regulan as bases do réxime local, o artigo 61.1.o) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e a Resolución de Alcaldía do 16.07.2015 , pola que se delegan as competencias de contratación de Alcaldía na Xunta de Goberno Local,

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

Primeiro.- Aprobar a memoria técnica valorada redactada polo arquitecto José Luis Martínez Raído, Colexiado número 2268 COAG, de data 20 de febreiro de 2017.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Xose Lois García Carballido (NIF: 32672607A) (FECHA: 11/10/2017), María del Carmen Seoane Bouzas (NIF: 46906254P) (FECHA: 11/10/2017)
Decreto Nº: 436/2017 - Fecha de decreto: 11/10/2017
Versión imprimible
CVD: ZCIMkgbn0M/AzieDzT10
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

exp. 2017/G003/000298

Segundo.- Adxudicar o contrato de obra para a MELLORA DA ACCESIBILIDADE E SINALIZACIÓN DOS RECURSOS TURÍSTICOS DO CONCELLO DE PONTECESO: PRAIA DE BALARÉS, HERMIDA, OSMO E RUTA PRG-148 por importe de 53.988,95 €, conforme ao establecido nos pregos de cláusulas administrativas e á oferta presentada, por ser esta a máis vantaxosa de tódalas ofertas presentadas.

Terceiro.- Aprobar o gasto correspondente con cargo á partida correspondente do orzamento en vigor.

Cuarto.- Notificar o acordo ao resto de licitadores e ao contratista e emprazarlle para que no prazo de 8 días contados a partir do seguinte ao da recepción da notificación do acordo se persone no Concello para a sinatura do contrato.

Quinto.- Publicar a adxudicación definitiva do contrato de obras no Perfil do contratante no prazo de corenta e oito días a contar dende a data do presente acordo.

Sexto.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Sétimo.- Adxudicar o contrato de dirección de obra a J. Andrés Breijo Castrillónpolo prazo de duración da obra máis o ano de garantía.

Sétimo.- Adxudicar a contratación da coordinación de seguridade e saúde a GALCOOR (Gallega de Coordinaciones, SL) por importe de 484,00 €;polo prazo de duración da obra máis o ano de garantía.

Documento asinado dixitalmente na data e polas persoas que se indican ao marxe.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Xose Lois García Carballido (NIF: 32672607A) (FECHA: 11/10/2017), María del Carmen Seoane Bouzas (NIF: 46906254P) (FECHA: 11/10/2017)
Decreto Nº: 436/2017 - Fecha de decreto: 11/10/2017
Versión imprimible
CVD: ZCIMkqbnOM/AzieDzT1O
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.